

O sitio web do Servizo de Biblioteca da Universidade da Coruña (BUDC) [<http://www.udc.gal/biblioteca>] recompila e clasifica unha grande cantidade de información que serve de apoio ao estudo e á investigación.

Conta cunha selección de recursos accesibles a través de internet que complementa a colección bibliográfica impresa da BUDC. Moitos son recursos de pago subscritos pola UDC, polo que só os integrantes da comunidade universitaria terán [acceso a eles desde fóra da Universidade](#). Aparecen agrupados pola tipoloxía xenérica á que pertencen: bases de datos, revistas-e, libros-e, etc. Estas fontes de información revísanse periodicamente coa fin de garantir a súa vixencia.

CATÁLOGO

- O catálogo da BUDC [<http://kmelot.biblioteca.udc.es>] recolle as referencias de todos os libros, revistas, materiais audiovisuais, etc. que podedes atopar nas bibliotecas de Universidade, indicando a súa localización. A ligazón '[O meu rexistro](#)' permite renovar os préstamos e reservar exemplares que estean prestados. Para facelo, o sistema solicitaravos tres datos: nome, código de barras da tarxeta universitaria e PIN. Se non lembrades o PIN, qué é o mesmo da vosa tarxeta, poderedes recupéralo accedendo á vosa conta da UDC en [<http://servizos.udc.es>]

BASES DE DATOS

As [bases de datos](#) son ferramentas que almacenan e facilitan o acceso, mediante a realización de buscas, a

grandes cantidades de información científica. Tal información provén de publicacións especializadas: revistas, monografías, actas de congresos, teses de doutoramento, etc. Nalgúns casos dan acceso aos textos completos; noutros, só aos resumos dos documentos.

En función da información que queiramos recuperar, hai que ter en conta dúas características:

- A súa temática ou área de coñecemento na que se clasifica a información que ofrece; moitas son multidisciplinares, polo que poderemos atopar información relacionada con varios campos.

- A súa relevancia, que se mide en función da cantidade e calidade das publicacións que ten indexadas.

A BUDC está subscrita a, aproximadamente, medio centenar de bases de datos de diferentes materias, organizadas alfabeticamente ou segundo a súa temática.

As bases de datos multidisciplinares de pago máis importantes son:

- [CSIC](#)
- [Web of Science](#)
- [Scopus](#)

REVISTAS ELECTRÓNICAS

As [revistas electrónicas](#) son publicacións periódicas cuxa edición é dixital e en liña.

A maioría das subscritas pola BUDC son a texto completo, aínda que nalgúns casos o acceso está

limitado a un rango de datas concreto. Xunto co buscador de revistas electrónicas por título, atoparedes tamén a busca por materia, así como ligazóns aos portais dos principais editores e plataformas desde as que se pode entrar en multitude de títulos.

LIBROS ELECTRÓNICOS

Dentro dos [libros-e](#) atopamos as obras de referencia dixital (enciclopedias, dicionarios...) e as coleccións temáticas e multidisciplinares ás que está subscrita a BUDC.

REPOSITORIO INSTITUCIONAL: RUC

O RUC [<http://ruc.udc.es/dspace>] é o arquivo da documentación dixital produto da actividade científica e académica da UDC. Nel son publicados os traballos de fin de grao seleccionados, teses de doutoramento, revistas e congresos institucionais, etc. O seu obxectivo é difundir e preservar a dita documentación.

PÓRTICO

Pórtico [<http://sfx.bugalicia.org/aco/az>] é o portal de acceso e busca nos recursos de información da UDC.

Permite buscar revistas electrónicas e libros electrónicos.

Inclúe un xestor de ligazóns, SFX, que facilita medios para obter o texto completo, comprobar se a biblioteca dispón da versión impresa, solicitar o documento a través do servizo de préstamo interbibliotecario, consultar o factor de impacto, buscar outros documentos do autor, exportar citas a RefWorks, etc.

OUTROS RECURSOS

[Dialnet](#) é a maior base de datos de artigos científicos hispanos. Recompila e proporciona acceso fundamentalmente a documentos publicados en España en calquera lingua, publicados en español en calquera país ou que traten sobre temas hispánicos. Os contidos inclúen artigos de revistas, capítulos de monografías colectivas, teses de doutoramento, libros, etc.

[RefWorks](#) é un potente xestor de citas bibliográficas en entorno web. Entre outras cousas, o usuario pode crear unha base de datos persoal para almacenar referencias importadas doutras bases de datos e dar ás citas almacenadas o formato bibliográfico desexado (MLA, APA...) e exportalas a un documento de texto.

[bX Hot Articles](#) é, sobre todo, unha aplicación para móbiles que ofrece os 10 artigos académicos máis destacados nas áreas de ciencia, empresa, dereito, medicina, enfermaría, psicoloxía, ciencias sociais e outras disciplinas académicas.

ACCESO EXTERNO AOS RECURSOS ELECTRÓNICOS

O servizo de [acceso desde fóra da UDC](#) permite consultar a colección electrónica desde ordenadores que non estean conectados á rede da universidade. O acceso a este servizo está limitado aos membros da comunidade universitaria: alumnado, PDI e PAS.

Para utilizar esta vía de acceso introdúcense as credenciais de identificación da Universidade da Coruña, usuario e contrasinal, por tanto hai que estar dado de alta. Máis información en: [acceso desde fóra da UDC](#).

O sistema está configurado de tal xeito que se desactiva automaticamente tras un tempo sen realizar consultas, pero é recomendable pechar a sesión ao finalizar a consulta.

A BUDC contrata recursos de información electrónicos unicamente con finalidades académicas e investigadoras, polo que non está permitido o seu uso con fins lucrativos nin para o desenvolvemento de actividades profesionais alleas á Universidade. As licenzas de contratación só permiten o acceso aos membros da comunidade universitaria, sendo responsabilidade destes a correcta utilización das súas claves de acceso. Destacar que hai que facer un uso respectuoso destes recursos no relativo aos dereitos de propiedade intelectual.

Ante calquera dúbida, problema, queixa ou suxestión relacionada con este tema podédesvos dirixir a informacion.bib@udc.es



Os recursos electrónicos na Biblioteca da UDC

Guía breve

Servizo de Biblioteca Universitaria
Sección de Información e Referencia
Edificio Xoana Capdevielle, 2.º andar, s.n.
Campus de Elviña
15008 A Coruña

Tel. 981 167 000, ext. 5663
informacion.bib@udc.es

<http://www.udc.gal/biblioteca>

